

# ANEXO I

## ÁREA SANITARIA DE VIGO

No ámbito territorial, esta área sanitaria xestiona todos os servizos sanitarios de atención primaria, especializada e sociosanitaria dos seguintes concellos: Arbo, Baiona, A Cañiza, Cangas, Covelo, Crecente, Fornelos de Montes, Gondomar, A Guarda, Moaña, Mondariz-Balneario, Mos, As Neves, Nigrán, Oia, Pazos de Borbén, O Porriño, Ponteareas, Redondela, O Rosal, Salceda de Caselas, Salvaterra de Miño, Tomiño, Tui e Vigo.

En total, ten unha poboación protexida de 565 002 habitantes, dos que 72 269 son persoas menores de idade entre 0 e 14 anos, un 12,79 % da poboación protexida, e 123 463 teñen máis de 64 anos que representan un 21,85 % da poboación protexida.

Para o desenvolvemento da súa actividade asistencial a Área Sanitaria de Vigo conta co **Complexo Hospitalario Universitario de Vigo–CHUVI**, integrado polo Hospital Álvaro Cunqueiro, o Hospital Meixoeiro e o Hospital Nicolás Peña, ademais de centros de saúde, consultorios e puntos de atención continuada.

Aínda que non conta cun plan de desenvolvemento, o plan estratéxico conta cunha serie de liñas de humanización que se están poñendo en marcha e xa se están levando a cabo varios proxectos en todos os ámbitos de actuación, a continuación recóllense os máis destacados:

### **PERSONALIZACIÓN E ADAPTACIÓN DE ESPAZOS:**

#### ÁREAS DE PEDIATRÍA

**DESEÑO DE TODAS AS ÁREAS CON MOTIVOS INFANTÍS.** Trátase do proxecto “Cunqui e os seus mariñeiros”, un proxecto de decoración integral de todos os espazos da área de hospitalización de Pediatría do Hospital Álvaro Cunqueiro, inspirado no mar da ría de Vigo e a súa contorna. Ás habitacións de pacientes, ás salas de espera, á recepción da planta, ás salas de procedementos e mesmo aos corredores arribaron o Capitán Cunqueiro, un polbo agarimoso, e a súa cuadrilla de mariñeiros, formada polo Peixe “ Soñico”, canso e somnolento, o golfinho “Alegro”, xoguetón e extrovertido, a estrela de mar “ Meda”, desconfiada e asustadiza, o cangrexo “ Furio”, malhumorado e distante e a Ameixa “ Ostriña”, tímida e tristona.

## ÁREAS DE PEDIATRÍA

CMA



CON

**XOGOS.** Trátase dunha sala de 350 metros cadrados con oito camas e sete postos de adaptación ao medio, ademais dun recuncho de xogos, incluída unha Play Station, onde as persoas menores de idade poden descansar antes e despois da súa intervención acompañados en todo momento polas súas familias.

**PROXECTO "O PATIO DO RECREO".** Parque infantil dentro da área de hospitalización de Pediatría coa colaboración da Facultade de Belas Artes, o IES Montecelo de Pontevedra e o CIP Manuel Antonio de Vigo.



**REDESEÑO DE ESPERA E ÁREAS** realizados polos de Belas Artes de de lles dar cor e calor a estas unidades.

**ÁREA DE SALAS DE COMÚNS.** Os murais foron estudantes da Facultade Pontevedra co obxectivo

## UNIDADE DE COIDADOS PALIATIVOS




## UNIDADE DE OBSTETRICIA

**DECORACIÓN CON PINTURAS.** A área de Obstetricia e Xinecoloxía do Hospital Álvaro Cunqueiro foi decorada con obras realizadas polas artistas Iria Blanco e Ana Adoitar, con temáticas propias da maternidade.



## UNIDADE DE OBSTETRICIA

**UNIDADES DE TRABAJO, PREPARACIÓN E RECUPERACIÓN DO PARTO (UTPR).** Actualmente dispoñen de 12 unidades deste tipo, no que a nai e a súa persoa acompañante permanecen durante as tres fases dun parto minimamente intervido e ata 2 horas despois deste, evitando así traslados innecesarios. As UTPR son unidades íntimas e integradas, que facilitan a privacidade e a participación activa da parella/persoa acompañante en todo o proceso do parto, e dispoñen de todo o material médico necesario (cama de partos, monitoraxe materno-fetal ou berce térmico), así como de elementos de apoio no período de dilatación (pelotas, asentos específicos etc.).



## ÁREAS COMÚNS/ XERAL

**BAÑOS PARA PERSOAS DOENTES OSTOMIZADAS.** Actualmente no complexo hospitalario hai instalado un aseo adaptado a persoas doentes ostomizadas, en concreto no Hospital do Meixoeiro, como parte do plan do Sergas de implantar en todas as áreas sanitarias este tipo de unidades adaptadas. O modelo de aseo é similar ao prototipo deseñado no Complexo Hospitalario de Pontevedra que foi o impulsor de esta iniciativa.

**SALAS DE LACTACIÓN MATERNA.** O complexo hospitalario conta con dous espazos para favorecer a alimentación natural do menor lactante, no marco da “Iniciativa para a Humanización da Asistencia ao Nacemento e Lactación” (IHAN) que promoven a OMS e UNICEF. Tamén ten instalados espazos para lactación en 10 centros de saúde da área sanitaria.

## **SINALIZACIÓN E FERRAMENTAS INFORMATIVAS:**

### CONSULTAS EXTERNAS

**SINALIZACIÓN HORIZONTAL.** Marcacións no chan guían ás persoas usuarias que acceden a través de consultas externas a aquelas áreas que máis se frecuentan, como Radioloxía ou os Gabinetes de probas diagnósticas de Cardioloxía, Dixestivo, Uroloxía o Pneumoloxía. Tamén se colocaron este tipo de indicacións en Urxencias e a previsión é estendelo a outras áreas hospitalarias.

## ÁREA CIRÚRXICA

**PROXECTO “LEMBRA”.** Primeiro hospital galego en implantar na área cirúrxica un sistema de avisos, vía SMS, ás familias de persoas doentes do fin da cirurxía, co fin de evitar aglomeracións nas salas de espera e reducir así o nivel de ansiedade das persoas acompañantes da persoa doente. O sistema, pioneiro en España, está previsto estendelo a Diálise e ao Hospital de Día Oncolóxico.

**IMPLANTACIÓN DO SISTEMA “QUENDA”.** Trátase da plataforma Quenda Medic, que apoia o persoal de servizos de obtención de cita, recepción, asignación de quendas de atención e acceso das persoas usuarias aos servizos de saúde que necesiten, o que permite obviar trámites administrativos á vez que reduce o tempo de espera nas salas. As pantallas da plataforma difunden contidos dixitais que, ademais de facilitar a circulación de persoas doentes de consultas externas, promoven hábitos de vida saudable, ou calquera tipo de información sobre saúde.

**IMPLANTACIÓN DA APLICACIÓN “SIGUE”.** Aplicación de móbil para orientarse dentro do hospital e así atopar facilmente o seu destino, mediante mapas internos do edificio e visión de “realidade aumentada”. A aplicación serve tamén, entre outras utilidades, para consultar citas programadas ou para conseguir a quenda de consulta unha vez que entren no hospital sen ter que pasar polos “quioscos” habilitados para estes fins, nin polo mostrador.

**DIFUSIÓN DE INFORMACIÓN.** Contacto coa sociedade a través de redes sociais: Facebook, e canle de Youtube corporativos, coa difusión de información de actividades, logros ou eventos.

## ÁREAS COMÚNS/ XERAL

### **ACTIVIDADES DE MOTIVACIÓN E DE ATENCIÓN EMOCIONAL:**


## ÁREAS DE PEDIATRÍA

**UCI ABERTA.** Tanto na UCI neonatal como na UCI de Pediatría permítese que as persoas menores de idade ingresadas estean acompañados polos seus pais as 24 horas do día, evitando así que tanto as persoas menores de idade como os seus pais teñan que pasar polo estrés da separación.

**PROGRAMA DE ACTIVIDADES LÚDICAS E DE ANIMACIÓN.** Coa colaboración de varias asociacións como Bicos de Papel, ASANOG, os Doutores Tirita de Berce, “Doctores Sonrisa”, Magos Solidarios de Abracadabra, os Bombeiros de Vigo ou a Cruz Vermella entre outras, ademais de empresas privadas. Son espectáculos e actividades moi variadas como maxia, papiroflexia, contacontos, pintura, traballos manuais, música, pallasos, festas en datas sinaladas, visitas de personalidades, famosos, Reis Magos, súperheroes, bombeiros etc.



PROXECTO “EN EL HOSPI ESTOY DE CINE” Aínda na fase de desenvolvemento, é un proxecto liderado pola “Fundación Juegaterapia” cuxo obxectivo é instalar unha auténtica sala de cine na planta de Pediatría do Hospital Álvaro Cunqueiro, con títulos de estrea e incluso merendas de flocos de millo.



UCI  
ADULTOS

**IMPLANTACIÓN PROXECTO HU-CI** Flexibilidade dos horarios de visita, cunha ampla franxa horaria que vai de 12.00 a 23.00 horas, e a inclusión da figura da persoa coidadora principal. Deste xeito Vigo, sede das IV Xornadas de Humanización de UCI, súmase ao proxecto HU-CI, e é pioneira en Galiza.

**REHABILITACIÓN CON ANIMAI.** Terapia asistida con cans en persoas doentes con trastorno mental grave, en colaboración coa asociación DOA Saúde Mental, como un complemento das terapias tradicionais. O obxectivo é obter tratamentos menos medicalizados e con beneficios a nivel de autoestima e de expresión de sentimentos.



**PROGRAMA “CÓIDOME”.** Dirixido a pacientes con diagnóstico de trastorno mental grave trata de promover hábitos de vida saudable abarcando aspectos da vida cotiá.

**HORTA ECOLÓXICA.** Desde o ano 2017, o Servizo de Rehabilitación psiquiátrica do Hospital Nicolas Peña dispón dunha parcela no propio Centro, onde os pacientes da Unidade realizan tarefas agrícolas, estimulando así o traballo en equipo e incrementando os niveis de autoestima. Tras a recollida, os produtos cultivados elabóranse e preparan na Unidade.

**REVISTA “LA FLIPADURA”.** Desde hai máis de 10 anos, esta publicación de edición mensual trata de potenciar e dinamizar as capacidades creativas e relacionales dos pacientes ingresados de longa duración. Así son os propios pacientes, co apoio das novas tecnoloxías, os que organizan e elixen o seu contido.

**PROGRAMA DE COCIÑA.** O seu obxectivo é incrementar o grao de autonomía dos pacientes en vistas ao alta hospitalaria. O programa está dirixido á adquisición de destreza na cociña, o desenvolvemento de hábitos de alimentación saudable e fomento da interacción grupal.

SAÚDE  
MENTAL

**SAÍDAS TERAPÉUTICAS.** Trátase de saídas de pacientes hospitalizados en grupos reducidos á piscina municipal, co obxectivo de fomentar a socialización destes pacientes e desenvolver o seu nivel de autonomía.

**MERCADO SOLIDARIO “DE BOA MAN”.** Mercadillo a cargo de varias organizacións de persoas con discapacidade que abren unha xanela solidaria no centro de Vigo e no que colaboran pacientes da Unidade de Rehabilitación Psiquiátrica. Así, participan no deseño da publicidade e na embalaxe e etiquetaxe para a venda dos produtos elaborados nos distintos talleres do hospital.



## ONCOLOXÍA

**PROGRAMA “PONTE GUAPA, TE SENTIRÁS MEJOR”.** Programa da Fundación STANPA, destinado a axudar a persoas doentes con cancro a recuperar a súa imaxe posiblemente alterada polos efectos secundarios do tratamento, mediante talleres de beleza impartidos por profesionais de estética persoas voluntarias e persoal sanitario en colaboración coa AECC. Preténdese que as persoas doentes reforen a súa confianza e autoestima.

**PROXECTO CARRIÑO AMABLE OU SOLIDARIO.** Implantación no Hospital de Día Oncohematolóxico coa colaboración da Asociación Española contra o Cancro. O carriño leva bebidas e alimentos (previamente autorizados), revistas, xornais e información sobre a asociación, que se reparten a aquelas persoas doentes e familias que o desexan.

**BIBLIOTECA DO HOSPITAL DE DÍA ONCOHEMATOLÓGICO.** Co fin de mellorar o tempo de espera do paciente, no ano 2016 o propio persoal do servizo iniciou este proxecto e actualmente dispoñen de máis dun milleiro de volumes, doados polos profesionais e tamén polos pacientes.



## HOSPITALIZACIÓN

**PROCEDEMENTO DE ACOMPAÑAMENTO A PERSOAS DOENTES CON INGRESO PROGRAMADO.** Programa de acompañamento desde o Servizo de Admisión ata a Unidade de Hospitalización correspondente, portando a documentación necesaria para o ingreso e respondendo as dúbidas que expoñen as persoas doentes, reducindo así parte da tensión asociada á hospitalización.

**DISTRIBUCIÓN DE PRENSA.** Ofértase de maneira gratuíta a prensa local ás persoas doentes hospitalizadas e a aquelas que acoden ao Centro para recibir tratamentos ambulatorios.

## **ÁREA DE PERSOAL SANITARIO:**



## ÁREAS COMÚNS/ XERAL

**FORMACIÓN EN HUMANIZACIÓN.** Capacitación do persoal sanitario con cursos de referencia en temas de Humanización, como por exemplo os cursos de comunicación de malas noticias.

**PLAN DE ACOLLIDA.** Manuais de acollida para novos residentes das distintas unidades docentes da área sanitaria.

**ATENCIÓN AO PERSOAL XUBILADO.** Acto de homenaxe e despedida ao persoal xubilado da área sanitaria. Ao persoal sanitario xubilado entrégaselle un agasallo.

**ESCOLA DE EDUCACIÓN INFANTIL.** Situada no Hospital Álvaro Cunqueiro, está prevista a súa apertura en setembro deste ano. Pensada para mellorar a conciliación do persoal sanitario, aínda que é unha escola aberta ao público en xeral terán preferencia os fillos de persoas traballadoras do Servizo Galego de Saúde. Contará con 61 prazas para as persoas menores de idade de entre 0 e 3 anos e recibirá o nome de Merlín, en alusión á primeira novela editada en galego do escritor Álvaro Cunqueiro, 'Merlín e Familia'.

## **RESPONSABILIDADE SOCIAL CORPORATIVA:**

## ÁREAS COMÚNS/ XERAL


**ESPAZO PARA AS ASOCIACIÓNS DE PERSOAS DOENTES.** As asociacións de persoas doentes da área viguesa contan desde marzo de 2017, cun local nas instalacións da área sanitaria para o seu uso compartido. Aténdese así a unha demanda de estes colectivos, ofrecéndolles un espazo propio para realizar funcións informativas, de divulgación e apoio a aquelas persoas doentes e familias que o requiran.

**BANCO DE LEITE MATERNA.** Só dez comunidades autónomas dispoñen en España deste tipo de bancos, e Galicia e Andalucía son as únicas que contan con máis dun. Un dos dous bancos do Servizo Galego de Saúde está situado no Hospital Álvaro Cunqueiro, e son responsables da promoción e apoio á lactación materna –no marco da “Iniciativa para a Humanización da Asistencia ao Nacemento e Lactación” (IHAN) – e da recolección, procesamento, control de calidade e dispensa do leite a menores lactantes hospitalizados que non dispoñen de leite da súa nai.



**CONSELLO ASESOR DE PACIENTES.** O Consello asesor de pacientes da Área Sanitaria de Vigo está constituído formalmente e nel participan 34 asociacións que aportan a súa visión e perspectivas sobre as cuestións de interese común para a Xerencia da Área e para as persoas e as súas familias.

**CAMPAÑAS DE DIFUSIÓN.** Campañas destinadas a promover hábitos de vida saudable, campañas orientadas a solidariedade da cidadanía, como doazón de



sangue ou de órganos, ou campañas de sensibilización da poboación sobre distintas patoloxías.

**PROGRAMA DE PRÉSTAMO DE CAMAS.** Programa de creación e xestión dun Banco de camas articuladas con fins sociais, para particulares con necesidades especiais, colectivos ou concellos da área sanitaria de Vigo.

**PROGRAMA “COÑECE O TEU HOSPITAL”.** Programa de visitas guiadas, dirixido a colectivos sociais, académicos, profesionais ou escolares da área sanitaria, para un coñecemento directo e real das instalacións do hospital Álvaro Cunqueiro, así como das súas características funcionais e organizativas.